

NO XARDÍN DA NENEZ (onde mora a estatua de Curros Enríquez)

A Curros Enríquez

Lembrome

da transparente nenez,
onde tentaba
albisca-la sinfonía do futuro.

Ollando

a esfinxe envolta
na soidade de pedra,
sesgada de lique,
adobiada por minúsculas fervezas
pousada de pombas e gaivotas.
Eu era miúda,
un sopro de vento
no zaguán da vida.

Atrapada

na visión daquel Núcleo monumental,
endosfera mítica.

Dende entón,
navego pola perifraxe
da existencia
beliscando
a nenez do xardín.

Decatándome

da sincronía esfinxe-pedra
cosmos daquela sólida conciencia,
antítese
do desacougante avispeiro da dúbida
forte escudo de coraxe
enfrentándose
á lei misteriosa da derrota.